

## **CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)**

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30  
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

### **ACTA DA SESION EXTRA-ORDINARIA-URXENTE**

#### ***DO PLENO DA CORPORACION***

#### **CORRESPONDENTE O DIA 29 DE OUTUBRO DO 2015**

No salón de Sesións da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás Vinte Horas do Día Vintenove de Outubro do Dous Mil Quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael PEREZ VAZQUEZ, coa asistencia dos Srs Concelleiros D. Antonio BLANCO MARTINEZ, D. Juan Santiago GONZALEZ RODRIGUEZ, José Antonio CARRACEDO RAMIREZ, , Dona Maria Teresa PEREIRA QUINTAS, D. José Luís RODRIGUEZ ALONSO, D. Santos PIORNEDO PIORNEDO, e, coa ausencia dos Sres Concelleiros D. Francisco José MONTESINOS RODRIGUEZ e D. Jesús RIO PIORNEDO actuando como Secretaria Acctal da Corporación, Dona María Angeles CRESPO GARCIA, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ó obxecto de celebra-la Sesión Extra-Ordinaria-Urxente en primeira convocatoria


O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día, e na que se adoptan os acordos que se relacionan:

#### **1º.- XUSTIFICACION E RATIFICACION DA URXENCIA DA SESION .-**

Tendo en conta que a tramitación da modificación puntual de Ordenanzas das Delimitacións de Núcleo dos pobos de A Mezquita e Sobreosmuiños en Periro, aprobadas pola Xunta de Galicia, e que por un erro do equipo redactor que entrega nesta semana a modificación impide a concesión de licenzas determinadas así como como consecuencia a de apertura de establecementos co consiguiente perxuício para os afectados., e que se aprobaron inicialmente na Sesión Extra-Ordinaria Urxente de data 12 de Agosto pasado e que se cumprimeronn o trámite de exposición pública a efectos de posibles alegacións.

Así mesmo resulta necesario poloa actual situación de tesourería municipal adherirse na Plataforma da Oficina Virtual para a coordinación das Facendas Locais de solicitude o Minhap de réximen especial (120) meses) do reintegro do saldo resultante da liquidación definitiva da participación nos tributos do estado do exercicio 2013.

Estimase que resulta necesario e urxente o celebrar este Plenario Municipal .-.



## **CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)**

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30  
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

Por asentimiento unánime dos Concelleiros asistentes ratifícase a urxencia da Sesión.

### **2º.- APROBACIÓN PROVISIONAL MODIFICACION PUNTUAL Nº 1 DA DELIMITACIÓN DE SOLO DE NÚCLEO RURAL DE A MEZQUITA.**

#### **ANTECEDENTES**

Tendo en conta que o expediente de “Delimitación de Solo de Núcleo Rural de A Mezquita”, actualmente en vigor tras da aprobación do mesmo pola Xunta de Galicia e posterior publicación pola mesma no D.O.G.A así como a publicación deste polo Concello no B.O.P. a vista de que o día da data se observaron erros ou deficiencias no mesmo que motivaron a redacción polo técnico que elaborou o mesmo D. Gerardo Seoane Fidalgo, da modificación puntual nº 1, en aplicación do establecido na Lei 9/2002, do 30 de Decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, especialmente a súa Disposición Adicional Segunda, segundo a redacción dada polas Leis 15/2004 e 2/2010.

Dita modificación foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en Sesión Extra-Ordinaria Urxente de data 12 de Agosto do 2015 e así mesmo foi sometido a información pública mediante anuncio correspondente insertado en dous xornais da provincia, taboleiro de anuncios do Concello e Diario Oficial de Galicia, sen que no prazo establecido se presentase alegación ou reclamación algunha.-.


#### **VOTACION E ACORDO:**

Tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez examinado o expediente e o documento do técnico redactor da Delimitación e a vista de que as modificacións propostas son necesarias para a correcta aplicación da mesma e co obxecto de non perxudicar os veciños e non entorpecer o bo funcionamento do documento urbanístico, o Pleno da Corporación Municipal por unanimidade dos asistentes e co quorum da maioría absoluta dos membros da Corporación ACORDA APROBAR PROVISIONALMENTE A MODIFICACION PUNTUAL Nº 1 DA DELIMITACION DE SOLO DE NUCLEO RURAL DE A MEZQUITA ” redactada polo Técnico D. Gerardo Seoane Fidalgo..

### **3º.- APROBACIÓN PROVISIONAL MODIFICACION PUNTUAL Nº 1 DA DELIMITACIÓN DE SOLO DE NÚCLEO RURAL “SOBREOSMUIÑOS O PEREIRO”:**

#### **ANTECEDENTES**

Tendo en conta que o expediente de “Delimitación de Núcleo Rural Común de Sobreosmuiños”, actualmente en vigor tras da aprobación do mesmo pola Xunta de Galicia e posterior publicación pola mesma no D.O.G.A así como a publicación deste polo Concello no B.O.P. a vista de que o día da data se observaron erros ou deficiencias no mesmo que motivaron a redacción polo técnico que elaborou o mesmo D. Gerardo



## **CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)**

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30  
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

Seoane Fidalgo, da modificación puntual nº 1, en aplicación do establecido na Lei 9/2002, do 30 de Decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, especialmente a súa Disposición Adicional Segunda, segundo a redacción dada polas Leis 15/2004 e 2/2010.

Dita modificación foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en Sesión Extra-Ordinaria Urxente de data 12 de Agosto do 2015 e así mesmo foi sometido a información pública mediante anuncio correspondente insertado en dous xornais da provincia, taboleiro de anuncios do Concello e Diario Oficial de Galicia, sen que no prazo establecido se presentase alegación ou reclamación algunha.-.

### **VOTACION E ACORDO:**

Tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez examinado o expediente e o documento do técnico redactor da Delimitación e a vista de que as modificacións propostas son necesarias para a correcta aplicación da mesma e co obxecto de non perxudicar os veciños e non entorpecer o bo funcionamento do documento urbanístico, o Pleno da Corporación Municipal por unanimidade dos asistentes e co quorum da maioría absoluta dos membros da Corporación ACORDA APROBAR PROVISIONALMENTE A MODIFICACION PUNTUAL Nº 1 DA DELIMITACION DE SOLO DE NUCLEO RURAL “SOBREOSMUIÑOS O PEREIRO” redactada polo Técnico D. Gerardo Seoane Fidalgo..

### **4º.- SOLICITUDE Ó MINHAP DE RÉXIMEN ESPECIAL (120 MESES) REINTEGRO SALDO RESULTANTE LIQUIDACION DEFINITIVA PARTICIPACION TRIBUTOS ESTADO 2013.-**

:

Vista a posibilidade de ampliar ó prazo de reintegro dos saldos debedores das liquidacions definitivas da participación nos tributos do estado do ano 2013 mediante Providencia da Alcaldía de data 6 de outubro incoouse expediente para valorar as diferentes melloras que se presentan.

Visto que con data 8 de outubro de 2015 se emitiu Informe de Intervención, no que se poñía de manifesto ó seguinte:

Que se presentou a Liquidación do 2013 e a mesma cumpria co obxectivo de estabilidade orzamentaria e límite de endebedamento.

Que tendo en conta ó informe trimestral de execución do orzamento do 2014, se prevé liquidar 2014 cumprindo a estabilidade orzamentaria e límite de endebedamento...

Examinado ó expediente e de conformidade co disposto na disposición adicional décima do Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sostenibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, establece un réximen especial de reintegros dos saldos debedores resultantes a cargo das Entidades Locais na liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado do ano 2013, o Pleno da Corporación local, por unanimidade e co quórum da maioría absoluta dos membros da Corporación., adopta ó seguinte:



## CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30  
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

### ACORDO

**PRIMEIRO.**-Acordar a ampliación do prazo de reintegro dos saldos debedores da liquidación definitiva da participación nos tributos do estado do ano 2013. a 120 mensualidades ,resultando que a partir da aprobación da solicitude os reintegros mensuales aplicables serán de 259,69 euros cada mensualidade.

**SEGUNDO.** Que ó Secretario-Interventor, remita a solicitude de ampliación do prazo de reintegro ó Ministerio de Facenda e Administracions Públicas a través da OVELL.

E sen ter máis asuntos de que tratar o Sr,. Presidente deu por rematada a Sesión sendo ás Vinte Horas e Quince Minutos. , da que se redacta a presente Acta, como Secretario dou fé do seu contido e incorporase ó Libro de Actas do Pleno da Corporación autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Presidente , conforme ó establecido no artigo 110-2 do R.O.F.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

A SECRETARIA ACCTAL,